



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2021-2022

- Cursos de especialización

Información para centros

Xestión dos cursos de especialización

Versión 2 (Actualizado 24/06/2021)



Xacobeo 21-22

Lembre que a normativa prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.



Índice

1	Introdución.....	3
2	Requisitos de acceso nos cursos de especialización.....	3
3	Solicitudes. Asistente informático.....	7
4	Xestión de solicitudes e matrícula.....	7
	4.1. Adxudicación das prazas.....	8
	4.2. Solicitudes remitidas por correo certificado.....	8
	4.3. Matrícula.....	9
	4.3.1. Accións específicas dos centros.....	10
	4.3.2. Resumo das accións.....	10
5	Outros puntos salientables.....	11
	5.1. Titulación de acceso obtida no estranxeiro.....	11





1 **Introdución**

O Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, regula no seu artigo 27 os cursos de especialización de formación profesional e indica os requisitos e as condicións a que deben axustarse os devanditos cursos.

No vindeiro curso 2021-2022 amplíase a oferta en Galicia de cursos de especialización de formación profesional.

Só poderán acceder aos cursos de especialización as persoas que cumpran o requisito de estar en posesión dalgunha das titulacións de grao medio ou de grao superior recoñecidas para o acceso na normativa que regula cada curso.

2 **Requisitos de acceso nos cursos de especialización**

Para poder solicitar un curso de especialización a persoa solicitante terá que estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no real decreto polo que se regula cada curso.

Para os cursos de especialización que se ofertarán en Galicia no próximo curso os títulos que permiten o acceso son os seguintes:





Familia profesional do curso de especialización	Código e nome do curso de especialización Duración en horas	Código e nome do ciclo que lle dá acceso	
Electricidade e electrónica	CMELE50 Implementación de redes 5G 300 horas	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
		CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
		CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes
	CSELE51 Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación 720 horas	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
		CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
		CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSELE04	Mantemento electrónico
Fabricación mecánica	CSFME50 Fabricación aditiva 600 horas	CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSENA02	Energías renovables
		CSEOC01	Proxectos de edificación
		CSEOC02	Proxectos de obra civil
		CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
		CSFME02	
		CSFME03	Deseño en fabricación mecánica
		CSFME04	Programación da produción en moldeamento de metais e polímeros
		CSHOT04	Dirección de cociña
		CSIMP04	Caracterización e maquillaxe profesional
		CSIMS03	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
		CSMAM01	Deseño e amoblamento
		CSSAN01	Audioloxía protésica
		CSSAN03	Ortoprésese e produtos de apoio
		CSTCP01	Patronaxe e moda
		CSTCP02	Deseño e produción de calzado e complementos
		CSTCP03	Vestuario a medida e de espectáculos
CSTCP04	Deseño técnico en téxtil e pel		
CSTMV01	Automoción		
Hostalaría e turismo	CMHOT50 Panadaría e bolaría artesanais 600 horas	CMCOM02	Comercialización de produtos alimentarios
		CMHOT01	Cociña e gastronomía
		CMINA01	Panadaría, repostaría e confeitaría
		CSHOT04	Dirección de cociña





Familia profesional do curso de especialización	Código e nome do curso de especialización Duración en horas	Código e nome do ciclo que lle dá acceso	
Imaxe e son	CSIMS50 Audiodescripción e subtitulación 500 horas	CSIMS01	Produción de audiovisuais e espectáculos
		CSIMS02	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos
Informática e comunicacións	CSIFC50 Ciberseguridade nos contornos das tecnoloxías da información 720 horas	CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
		CSELE04	Mantemento electrónico
		CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
		CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
		CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
	CSIFC51 Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual 600 horas	CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
		CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
		CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
		CSIMS03	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos
	CSIFC52 Intelixencia artificial e big data 600 horas	CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
		CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
		CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma
		CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
	CSIMA03	Mecatrónica industrial	
Instalación e mantemento	CSIMA50 Dixitalización do mantemento industrial 600 horas	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
		CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSELE04	Mantemento electrónico
		CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
		CSFME03	Deseño en fabricación mecánica
		CSIMA01	Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos
		CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos
		CSIMA03	Mecatrónica industrial
		CSINA02	Procesos e calidade na industria alimentaria
CSQUI02	Química industrial		





Familia profesional do curso de especialización	Código e nome do curso de especialización Duración en horas	Código e nome do ciclo que lle dá acceso	
	CSIMA51 Fabricación intelixente 600 horas	CSQUI03	Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns
		CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
		CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSELE04	Mantemento electrónico
		CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
		CSFME03	Deseño en fabricación mecánica
		CSIMA03	Mecatrónica industrial
	CSIMA52 Modelado da información da construción (BIM) 600 horas	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
		CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
		CSELE03	Automatización e robótica industrial
		CSENA01	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica
		CSENA02	Enerxías renovables
		CSENA03	Centrais eléctricas
		CSENA04	Xestión da auga
		CSEOC01	Proxectos de edificación
		CSEOC02	Proxectos de obra civil
		CSEOC03	Organización e control de obras de construción
		CSFME02	Construcións metálicas
		CSIMA01	Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos
		CSIMA02	Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos
		CSIMA03	Mecatrónica industrial
		Química	CSQUI50 Cultivos celulares 600 horas
CSQUI03	Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns		
CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico		
CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico		
Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV50 Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos 650 horas	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
		CMTMV03	Electromecánica de maquinaria
		CMTMV04	Mantemento de material rodante ferroviario





3 Solicitudes. Asistente informático

O proceso de admisión a cursos de especialización de Formación Profesional para o curso 2021-2022 establece que todas as persoas que queiran facer solicitude utilizarán o asistente da aplicación informática Cicloadmisión. Por isto, é necesario que todos os centros poñan á disposición das persoas solicitantes computadores conectados á rede, desde os que se poidan imprimir as solicitudes xeradas ou facer unha entrega automática. Debido á situación actual derivada da Covid-19, hai que manter unha serie de normas xerais de hixiene, por exemplo a desinfección de mans e o uso de máscara para acceder á sala onde estean os ordenadores ou a limpeza dos mesmos coa frecuencia oportuna.

O centro poderá distinguir doadamente os tres tipos de solicitudes.

- **Solicitudes web de entrega presencial:** *solicitudes realizadas co asistente web que é necesario entregar, xunto coa documentación que corresponda, para marcar a entrega e validar nun centro de Galicia con oferta de formación profesional sostida con fondos públicos.* O impreso xerado polo asistente ten código de barras e ten impresa ao inicio e ao pé a instrución de **“a solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP sostido con fondos públicos en réxime ordinario ou en réxime de persoas adultas”**.
- **Solicitude web de entrega automática:** *solicitudes realizadas co asistente web que non é necesario entregar no centro, pero que este terá que validar.* O impreso xerado polo asistente ten código de barras e ten impresa ao inicio e ao pé a instrución de **“solicitude entregada automaticamente no centro de inscrición seleccionado, pendente da verificación da documentación achegada”**. Os solicitantes conservarán este impreso a modo de resguardo da súa solicitude. O centro terá que validar os requisitos de acceso e o resto da documentación.
- **Solicitudes web de validación automática:** *solicitudes realizadas co asistente web que non é necesario entregar para validar.* O impreso xerado polo asistente ten código de barras e ten impresa ao pé a instrución de **que non é preciso entregalo no centro nin achegar documentación; xa é un documento validado.** Os solicitantes conservarán este impreso a modo de resguardo da súa solicitude. O centro non ten que realizar ningunha acción sobre estas solicitudes, é dicir, nin marcar a entrega nin validala.

As reclamacións deberán ser presentadas unicamente no centro onde fora entregada a solicitude (con independencia do tipo de solicitude e de cal sexa o centro de 1ª opción).

4 Xestión de solicitudes e matrícula

O procedemento de xestión das solicitudes e das matrículas para os cursos de especialización é similar ao do réxime ordinario e ao do réxime para as persoas adultas. Polo tanto, deberán consultar o arquivo *“Instrucións matricula web _centros_ 2021-2022”*.





4.1. Adxudicación das prazas

As prazas serán adxudicadas aos solicitantes que cumpran o requisito de acceso, ordenadas en función da nota do título. No caso de que exista empate entre varias persoas que soliciten un mesmo curso de especialización, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na familia profesional na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación segundo o disposto na seguinte táboa.

Curso de especialización	Sexo preferente en caso de empate
Implementación de redes 5G	Muller
Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación	Muller
Fabricación aditiva	Muller
Panadaría e bolaría artesanais	Muller
Audiodescrición e subtítulos	Muller
Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información	Muller
Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual	Muller
Intelixencia artificial e big data	Muller
Dixitalización do mantemento industrial	Muller
Fabricación intelixente	Muller
Fabricación intelixente Modelado da información da construción (BIM)	Muller
Cultivos celulares	Home
Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos	Muller

De persistir o empate, este resolverase atendendo ao publicado na Resolución do 25 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fai público o resultado do sorteo a que fai referencia o artigo 29 da Orde do 12 de marzo de 2013.

Consonte o resultado do sorteo, serán as letras **W** e **S** as de prioridade que afectan o primeiro apelido, e as letras **B** e **F** as que afecten o segundo apelido, para os efectos de resolución do desempate na orde de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos no curso 2021-2022.

4.2. Solicitudes remitidas por correo certificado

De ser necesaria a entrega, xunto coa documentación, nun centro educativo, poderase presentar a solicitude, cuberta mediante o asistente informático e asinada, en sobre aberto en calquera oficina de Correos de España, para ser remitida por correo certificado co selo de Correos **coa data de entrega, hora e minuto, así como o nome da oficina** (artigo 31 do RD1829/1999), xunto cunha copia do documento de identidade. **A solicitude irá dirixida ao centro elixido en**





primeira opción. A documentación presentada que non sexa orixinal deberá estar compulsada. Coa finalidade de axilizar a xestión será necesario remitir, **dentro dos prazos de inscrición**, unha copia da documentación presentada mediante correo electrónico ao centro ao que vaia dirixida a solicitude. Os enderezos electrónicos e os números de fax dos centros poden consultarse en:

<https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/>

Nestes casos o centro verificará:

- Que a data e hora de entrega en Correos estea dentro dos prazos correspondentes.
- Que a reciba o centro elixido en primeira opción.
- Que se achegue copia simple do documento de identidade
- Que se achegue orixinal ou copia simple da documentación necesaria.
- Que se entregou en sobre aberto, polo que é imprescindible que apareza o selo de tramitación por Correos na solicitude.

Cando reciba o envío postal, non o correo electrónico, volveranse a facer estas verificacións sobre a documentación orixinal e as solicitudes tramitaranse como as recibidas presencialmente. Para iso pedirase permiso ao Servizo de Xestión de FP, de non estar os permisos abertos.

O centro deberá comprobar que a documentación adiantada por correo electrónico ou fax se corresponda coa que finalmente se reciba por correo certificado.

4.3. Matrícula

As persoas que resulten con praza adxudicada no proceso de admisión poden facer varias operacións vía web na aplicación informática Cicoadmisión **nos prazos correspondentes ao período de matriculación**.

- Cursos de especialización.
 - Solicitar matrícula vía web na praza adxudicada.
 - Renunciar vía web á praza adxudicada.
- Para todas as modalidades, réximes e graos, poderán consultar o seu historial do proceso de admisión.

As instrucións para realizar estas accións estarán dispoñibles para o alumnado na páxina web www.edu.xunta.gal/fp. Na mesma páxina estarán dispoñibles os accesos aos servizos en liña. Os centros e a inspección educativa recibirán tamén un correo electrónico con copia das mesmas instrucións.





4.3.1. Accións específicas dos centros

Por razóns de seguridade informática o rexistro final das matrículas en XADE só o pode facer o persoal administrativo ou con acceso autorizado e en ningún caso persoas alleas ou outras aplicacións. Por esta razón, as matrículas solicitadas vía web polo alumnado quedan rexistradas na aplicación Ciclosadmisión e a información é transmitida a XADE do mesmo xeito que se transmiten os datos das adxudicacións, e igual que se fai no procedemento de reserva de matrícula no réxime para as persoas adultas. A información quedará almacenada en XADE, o que permitirá ao persoal do centro rexistrar a matrícula con independencia do prazo de matriculación das adxudicacións.

- Os centros terán que rexistrar as matrículas en XADE das persoas que entreguen solicitude de matrícula de xeito presencial. **Este rexistro farase necesariamente dentro do prazo da adxudicación.**
- Para as persoas que solicitaron matrícula vía web os centros terán que rexistrar a matrícula en XADE, pero sen as restricións de teren que facelo no prazo de cada adxudicación (de feito, poderán facelo incluso despois do comezo do curso). Para facilitar o traballo e distinguir o alumnado xa matriculado do pendente de matricular os centros disporán en Ciclosadmisión de listaxes por cada ciclo nas que figurará o alumnado matriculado e con reserva.
- As listaxes de alumnado matriculado e alumnado con reserva de matrícula en cursos de especialización estarán dispoñibles na aplicación Ciclosadmisión na pestana “15.4 Informes de admisión” seleccionando “réxime ordinario” e “grao”, premendo seleccionando a pestana “Matrícula/reserva” e elixindo o ciclo do que se desexa obter os datos. Neste informe aparecerá reflectido o alumnado ao que será necesario comprobar a certificación de acceso por non constar nas bases de datos. A maiores, o centro disporá da pestana 5.8 para a verificación dos requisitos de acceso. Para máis información consultar o apartado 4.6 do documento “Instrucións para centros admisión” ou o documento “Verificación dos requisitos de acceso das matrículas”.

4.3.2. Resumo das accións

- Cursos de especialización.
 - Documento de solicitude de matrícula ou de renuncia á praza entregado de xeito presencial no centro no prazo establecido para cada adxudicación. O centro procederá a rexistrar a matrícula en XADE. No caso da renuncia rexistrarse en Ciclosadmisión, pestana 6.8.2 En todo caso é imprescindible facer estas accións dentro dos prazos de matrícula establecidos para cada adxudicación.
 - Solicitude de matrícula vía web (só poderá realizarse por parte da persoa interesada dentro do prazo establecido para a correspondente adxudicación). O centro procederá a rexistrar a matrícula en XADE. Poderá efectuar o rexistro en calquera momento, incluso tras o inicio do curso. O centro poderá comprobar os datos de acceso e a documentación en “Ciclosadmisión” no apartado 5.8. De ter algunha dúbida ou de precisar máis documentación, poderá solicitala ao alumnado cando o estime oportuno. O centro tamén





solicitará o resgardo do pagamento do seguro escolar ás persoas obrigadas ao seu pagamento (preferiblemente no inicio do curso).

- Solicitud de renuncia vía web. O centro non ten que realizar ningunha acción o sistema xa rexistra e procesa a renuncia.
- Prazas liberadas.
 - Solicitud de matrícula en prazas liberadas dentro do prazo establecido (só é posible a matrícula presencial). De haber prazas dispoñibles, o centro procederá a rexistrar a matrícula en XADE tras a comprobación dos requisitos de acceso. No caso de titulacións de fóra do Estado español deberá enviar a documentación por correo electrónico a servizos centrais antes da matriculación.

No caso de que algunha persoa solicitante con praza adxudicada renuncie a ela ou non se matricule e nese curso de especialización haxa listaxe de espera, o centro procederá a chamar as persoas que se atopen na lista de espera polo proceso de **adxudicación continuada** descrito nas instrucións xerais do proceso de admisión de FP.

5 Outros puntos salientables

5.1. Titulación de acceso obtida no estranxeiro

Lembren que, aínda que teñan concedida a homologación polos correspondentes estudos españois, na aplicación debe consignarse como “Titulación estranxeira”. Deberase asignar o país de estudos e, no caso de solicitudes web de entrega presencial, cargar na aplicación a documentación acreditativa da homologación, a non ser que a propia aplicación xa recoñeza esa homologación.

Se no proceso de validación da documentación da titulación de acceso obtida fóra do Estado español non fose marcada esta característica polos solicitantes, deberá validarse co requisito de acceso co que fixo a solicitude. Posteriormente haberá que modificar a solicitude: terá que gardarse a documentación que achegada para marcar que é unha titulación obtida fóra do Estado español, indicado o país, e asociar de novo a documentación descargada.

Ás persoas que desexen acceder a cursos de especialización de formación profesional mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español consignáraselles (desde servizos centrais) a nota media reflectida na credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois necesarios para o acceso ao curso de especialización. No caso de non ter reflectida nota media na credencial definitiva de homologación consignáraselles unha nota de cinco puntos.

